

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2013/10
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 17 de agosto de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as once horas e vintecinco minutos do día **17 de agosto de 2013** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.
D. Xavier Campos López

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D^a Azucena González Loredó.
D.José Manuel Yañez Dablanca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D^a Maria del Campo López-Braña Freije
(disculpa ausencia)

Secretario en funcións:

D. Fidel Maañón López

Interventor en funcións:

D. José Vázquez Cupeiro.

Técnico de Admón. Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.37.- EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE DATA 9 DE AGOSTO DE 2013 DE ENTREGA DA MEDALLA DE OURO DO CONCELLO AO RIBADEO F.C. CON MOTIVO DO CENTENARIO DENDE A SÚA FUNDACIÓN.

Abre a sesión o Sr.Alcalde indicando que se tratou dun proceso de tramitación longo, realizado conforme ao Regulamento de Honras e Distincións do Concello que remata neste acto de execución do acordo plenario do pasado día 9 de agosto no que se acordou a concesión da Medalla de Ouro ao Ribadeo F.C.

De seguido cede a palabra ao Secretario municipal que da lectura ao extracto do acordo referido de 9 de agosto nos seguintes termos:

“ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADEO

En sesión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2013 por unanimidade de todos os seus membros a Corporación municipal, previa instrucción do correspondente expediente conforme ao disposto no vixente Regulamento de Honras e distincións deste Concello de Ribadeo, e á vista do informe de formulado polo Sr. Concelleiro Delegado de Deportes no que se xustifican dabondo os méritos que concorren na entidade deportiva RIBADEO F.C. para se facer acreedora ao galardón proposto con ocasión DO CENTENARIO dende a fundación desta Entidade deportiva, acordou:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo ao club de fútbol RIBADEO F.C. polos motivos expostos, con ocasión de cumprirse cen anos dende a súa fundación.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade.”

De seguido intervén o Concelleiro Delegado de Deportes Sr. Castro Reigosa dando lectura ao seguinte texto do seu informe de Instrucción para este expediente, na honra do Ribadeo F.C.:

Á marxe das institucións, poucas son as entidades que acadan un século de existencia, e máis aínda se a tal dilatado período lle engadimos unha característica tan fundamental como é a da actividade continua, sen saltos nen interrupcións.

Temos efectivamente a honra de contar en Ribadeo coa sociedade que ostenta o número un no Rexistro provincial, se fose preciso falar das actividades que a longo do tempo van xurdindo dunha determinada colectividade.

Efectivamente en 1835 creouse a Sociedade Filantrópico-Dramática e en 1913 o Ribadeo F.C. cuxo cenenario conmemoramos agora. Cada iniciativa é propia do seu tempo e cada tempo produce determinadas iniciativas, correspondéndolle á colectividade mantelas no tempo, tal e como fixo o Ribadeo F.C.

Ademáis da longa traxectoria do propio clube que militou en diferentes categorías dende o ano 1913, esta Entidade é a encargada todos os anos da organización do Trofeo "EMMA CUERVO", vicedecano dos torneos de verán de fútbol, que dende o ano 1952 se ven celebrando nas instalacións do Estadio Municipal Pepe Barrera.

Debemos anotar igualmente como precedente xustificador desta Medalla de Ouro que hoxe entregamos ao Ribadeo F.C. que xa conta coa de Prata que o Concello lle concedeu e entregou en 1988 ao se cumpriren os setenta e cinco anos, senda daquela Alcalde do Concello de Ribadeo D.Eduardo Gutiérrez Fernández hoxe membro desta Corporación tamén e Presidente do Ribadeo F.C. D. José Pulpeiro Doval.

Polo Concelleiro informante a tenor do disposto no Regulamento Especial de Honras e distincións do Excmo. Concello de Ribadeo que foi publicado no BOP de Lugo nº 169 de 26 de xullo de 2005 constituíndo unha norma de carácter regulamentario vixente considérase que se teñen cumpridos os requisitos básicos do procedemento e que agora compre que se adopte acordo plenario en sesión extraordinaria que resolverá sobre a procedencia ou non da concesión da medalla de Ouro ao Ribadeo F.C. partindo de que todos os Concelleiros que compoñen a actual Corporación Municipal dos distintos signos políticos consideran no meu entender acreditados mais que sobradamente os méritos cualidades e circunstancias singulares desta Entidade deportiva. Ribadeo, 18 de xullo de 2013.

Prodúcense aplausos dos presentes, á intervención do Sr. Concelleiro.

Toma de seguido a palabra o Sr. Alcalde pasando a mesma ao actual Presidente do Ribadeo F.C., D. Victor López Pérez que da lectura ao seguinte texto:

"Gracias Sr. Alcalde, bos días, amigos e amigas.

En primeiro lugar quero agradecer ao Sr. Alcalde e á Corporación Municipal o recibimento neste Salón de Plenos a todas aquelas persoas que dunha ou doutra forma compoñen esta gran familia futbolística e principalmente o seu apoio unánime para conceder ao Ribadeo F.C. a medalla de Ouro do Concello.

Facendo un pouco de historia e recollendo datos dalgunha publicación corría o ano 1913, ano sen dúbida moi importante para a nosa Vila en diversos aspectos non so futbolístico xa que a finais deste o 30 de decembro se concedía unha importante licenza de obra a que sería a Torre dos Moreno.

En sesión plenaria do día 6 de maio sendo Alcalde don José Díaz Braña dábase conta dunha solicitude subscrita por varios mozos desta vila para que se lles permita utilizar un pedazo de terreo das dimensións necesarias na zona de o xardín público para a práctica do fútbol. O acordo tomado literalmente dí así: *“ O Concello considerando acertado prestar o apoio á realización de tan plausible propósito de unánime conformidade acorda acceder á petición que motiva o devandito escrito e encomendar á Comisión da Policía, Ornato e obras a sinalización e demarcación da parte daquel punto de recreo que considere mais axeitada para o campo do mencionado xogo.”*

Así comezou a nosa historia formándose unha Xunta directiva con don Ramon Bustelo como Presidente de honra; don Amando Suárez Couto, Presidente; e vocais don Xusto Iribarren Vega, don Manuel Alonso Casariego e don Francisco Martínez González, sendo o local social o bazar de doña Enriqueta.

Tal día como hoxe pero fai xustamente cen anos xogábase no campo de Sela o primeiro partido do por aquel entón nomeado Club deportivo Ribadense fronte ao Sport Club Luarca. O primeiro once inicial estaría formado por Francisco Martínez como porteiro, Antonio Moreda e Román Penzol defensas; Antón Soto, Tito Cuervo e Antón Cancelos medios; e Florentino Alonso, César Blanco, Cesar Gayol, Antonio Osorio e Amando Couto como dianteiros, todos eles ás ordes de Antonio Prado Quintana como adestrador. Ese día por descandenarse unha choiva torrencial so se poido xogar o primeiro tempo que rematou con empate a un, continuando o xogo ao día seguinte con mellor tarde transcurriu a segunda parte logrando o equipo de ribadeo un gol e outro o luarqués. Dado o empate acordouse xogar unha prórroga de quince minutos para decidir a victoria que correspondeu aos visitantes por 2 a 3.

Foron pasando os anos e o 11 de xullo de 1923 figura como data na cal queda rexistrada na Federación Galega de Fútbol o primeiro Regulamento do Ribadeo F.C. e o 24 de xullo de 1925 esta Federación acorda a admisión do equipo por cumprir os requisitos regulamentarios.

A partir deste momento foron participando en diferentes campeonatos mesmo asturianos como o de occidente e nas categorías galegas de segunda regional, primeira regional, regional preferente, terceira división nas tempadas 56-57, 95-96 e 96-97 así como a participación na XXXI edición do trofeo Emma Cuervo, título que conseguiu tras disputarse por primeira vez por sistema triangular xunto co Oviedo aficionados e o Lemos, sen esquecer o campeonato galego de xuveniles na tempada 1975-1976 con Fermín Pérez “Motorín” como adestrador.

A nivel persoal para mín é un orgullo ser Presidente do Ribadeo F.C. neste ano tan sinalado como o centenario, pero sen dúbida isto non sería posible sen a axuda dos meus compañeiros e compañeiras de directiva: Francisco García Gayol, vicepresidente, Jose Manuel Castro Piñeiro, Secretario; Cándido Iravedra Fernández, Tesoureiro, Ana Vázquez Pedreira, Juan Valle Rafols e Virgilio Polo, vocais. Germán Valle director deportivo, corpo técnico, xogadores, colaboradores a Sociedade Deportiva Ribadeo e por suposto co apoio da miña familia.

Pero non quixera rematar a miña intervención sen agradecer públicamente unha vez mais a don José Pulpeiro Doval “alma mater” do Ribadeo F.C. o seu traballo, sacrificio e esforzo durante os seus 29 anos como Presidente, parte importante

deste clube que como dixen xa nalgunha ocasión,Pepe, para mín sempre serás “O Presi”.

Para todos e todas, adestradores, xogadores, directivos, socios, aficionados que durante estes cen anos acompañaron ao clube nos bos e malos momentos sirva este día de festa com pequena homenaxe pola súa loita co traballo deportivo sempre como Ribadeo F.C. Moitas grazas.”

Aplausos dos presentes á intervención do Sr.Presidente do Ribadeo F.C.

Toma a palabra de novo o Sr.Alcalde para rematar e refírese a esta vila de Ribadeo que ten un carácter de seu, unha fasquía propia, única en Galicia. Poida que sexa a presenza da ilustración no XVIII, da Ilustración, do comercio marítimo. Ribadeo é un produto do comercio ao longo dos séculos. Xa no noso escudo, dende vello, o elemento central é unha chave. É a chave que garda o Reino de Galicia polo norte, baixo a estrela polar que lle outorga sortes e fortunas. Inglaterra, Franza, Prusia, Burdeos, Alemaña, Letonia (coa súa capital Riga), os países nórdicos, ligas hanseáticas e compañías de Indias, atlánticas de seda e vascas de ferro; é ron, Kümmel, viño bordelés e galego, aceites do Mediterráneo, etc. Etc. E así ate hoxe con outros produtos e con outras xentes pero co mesmo sentimento.

Nos comezos do século XX Ribadeo asiste a un intenso renacemento da súa actividade portuaria. As dúas compañías marítimas (as navieiras Bengoechea e Casas) con grande actividade durante case todo o século XIX practicamente desaparecerán, pero a explotación das minas de ferro de Vilaoudriz e a construción da vía férrea que remataba nun airoso cargadoiro sobre a ría de Ribadeo producen un verdadeiro rexurdimento comercial na vila e na comarca.

Coa construción da vía férrea e logo coa actividade portuaria im plántase modos e modas practicamente inéditos e, entre eles, o fútbol. Rexistremos que a primeira referencia que aparece nas actas municipais é unha solicitude varios rapaces de Ribadeo “organizadores del juego del foot-ball”, solicitando que o Concello lles autorice utilizar un terreo no Xardín, ao que accede. Ese mesmo ano de 1913, xa que andamos en centenarios concédese a licenza de obra para un edificio que pasará a ser o símbolo identificador dos novos tempos: a Torre dos Moreno.

Pero agora, cen anos despois somos outras persoas as que temos que ir escribindo a historia deste Ribadeo, sabendo lembrar e homenaxear aos que crearon, mantiveron, mimaron, loitaron, sufriron polo seu equipo: O Ribadeo Fútbol Club. Son outras persoas que se terán que seguir enfrontando a desafíos descoñecidos, ou algúns xa á orde do día: insuficiente financiamento; baixa taxa de socios en relación coa poboación municipal, escasa presenza de xogadores locais, etc.

Tamén estamos no certo que aínda que estes vimbios para facer o cesto son os que son, queremos de todo corazón a Corporación Municipal de Ribadeo facer a entrega desta Medalla de Ouro ao Ribadeo FC e sentimentalmente a todos os seus

seareiros para que, co orgullo que se merecen sigan berrando, hoxe máis ca nunca, HALA RIBADEO!!

Novamente os asistentes ao Pleno irrumpen en aplausos.

A continuación o Sr.Alcalde fai entrega do diploma acreditativo da concesión da Medalla de Ouro do Concello ao RIBADEO F.C. con motivo do centenario dende a súa fundación e de conformidade co acordo plenario e unánime do día 9 de agosto de 2013.

O Sr.Alcalde pídelle ao anterior Presidente do Ribadeo F.C. D.José Pulpeiro Doval, presente entre o público durante a sesión, que se acerque á mesa presidencial, que o fai logo de reiterarlle o Sr. Alcalde a súa presenza e de darlle as grazas tamén ao Sr. Ex_Alcalde, presente na sesión, don Eduardo Gutiérrez Fernández que outorgou a medalla de prata no 75 aniversario do clube.

Acto seguido o Sr. Pulpeiro Doval, anterior Presidente do Ribadeo F.C., da as grazas e dirixe unhas palabras á Corporación e público asistente sobre o clube Ribadeo F.C. manifestando que xa o Presidente actual don Victor López dixo case todo e que o expuxo moi ben, facendo diferentes referencias a xogadores que formaron no Ribadeo en diferentes épocas así como á clasificación e militancia do clube nas distintas categorías do fútbol en distintos anos. Reitera as grazas, ao Sr. Alcalde e á Corporacion que adoptou o acordo por unanimidade, pola concesión desta medalla de ouro de Ribadeo.

Repítense os aplausos.

Finalmente o Sr.Alcalde toma de novo a palabra e manifesta que despois de toda esta instrucción, de todo este tempo e das sesións extraordinarias convocadas ao efecto así como desta celebración emotiva fai entrega ao Presidente actual do Ribadeo F.C. co sentimento de corazón tamén hacia o anterior Presidente, da medalla de Ouro do Concello de Ribadeo.

O público asistente aplaude novamente.

O Presidente do Ribadeo F.C. pola súa parte fai entrega ao Sr.Alcalde dun banderín do clube recordatorio do Centenario.

Para rematar e logo de dar as grazas o Sr.Alcalde ao público asistente o Grupo de gaitas de Ribadeo interpreta o Himno Galego.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e quince minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,